

RESOLUCIÓN REITORAL POLA QUE SE CONVOCAN OS XII PREMIOS Á EXCELENCIA DEPORTIVA

Os Premios a Excelencia Deportiva teñen por obxecto recoñecer entre o alumnado a aqueles/as que destacan na actividade deportiva e a súa conciliación co rendemento académico

En virtude das facultades que lle outorgan a Lei Orgánica 6/2001, do 21 de decembro, modificada pola Lei 4/2007, do 12 de abril, de universidades e o artigo 72 do Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro, polo que se aprobaron os estatutos desta universidade,

ESTA REITORÍA RESOLVE:

1. Convocar, en réxime de concorrencia competitiva, os *XII premios á excelencia deportiva* que serán xestionados de acordo coas bases reguladoras que figuran no anexo I.
2. Publicar esta convocatoria e as bases que a regulan no taboleiro da sede electrónica sede.uvigo.gal/ e no [Portal de bolsas](#) da web da Universidade de Vigo.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte á súa publicación, de conformidade co disposto na *Lei 29/1998 do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa*.

Así e todo, as persoas interesadas poderán optar por interpoñer un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso, non caberá interpoñer o recurso contencioso-administrativo namentres non recaia resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, de acordo co disposto na *Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*.

Vigo, na data de sinatura electrónica

O reitor

Por delegación RR 22/06/2022 (DOG 06/07/2022)

A vicerreitora de Extensión Universitaria

Susana Reboreda Morillo



ANEXO I

BASES QUE REGULAN A CONVOCATORIA DE PREMIOS Á EXCELENCIA DEPORTIVA-XII EDICIÓN

1. OBXECTO

Os premios anuais á excelencia deportiva recoñecen a quen, de entre o alumnado, destacara máis na súa traxectoria deportiva e a conciliación coa vida académica.

Concederanse un máximo de catro distincións a alumnos/alumnas da Universidade de Vigo co mellor rendemento conxunto nos dous aspectos. Os premios consistirán nun recoñecemento público mediante **diploma acreditativo** e a entrega dun **premio en metálico**.

2. REQUISITOS DAS PERSOAS SOLICITANTES

Pode participar nesta convocatoria o estudantado que cumpra os seguintes requisitos:

- Estar matriculado/a no curso académico 2022/2023 en titulacións oficiais de grao, mestrado e doutoramento da Universidade de Vigo.
- Ter participado nos anos 2021 e/ou 2022 en campionatos deportivos interuniversitarios en representación da Universidade de Vigo, ou en competicións federadas.

Non poderán ter a condición de beneficiario/a as persoas nas que concorra algunha das circunstancias establecidas no artigo 13.2 da Lei 38/2003 xeral de subvencións, de 17 de novembro.

3. INCOMPATIBILIDADES

Os premios que se establecen nesta convocatoria serán compatibles con calquera outra axuda da mesma natureza e para a mesma finalidade.

4. DOTACIÓN, CONTÍA E PAGAMENTO

- Os fondos destinados a este premio irán con cargo á aplicación orzamentaria 2022 00CA 211EDEP 482.99 e o importe máximo do crédito orzamentario retido ascende a 2.000 € para o que se achega o correspondente certificado de existencia de crédito.
- A contía máxima de cada premio será 500 € ao que se lle realizará a retención fiscal que corresponde segundo a lexislación vixente.
- Os premios serán entregados durante a XXIX Gala do Deporte Universitario, en caso de celebrarse, agás o importe en metálico que será aboado mediante transferencia á conta bancaria indicada na solicitude e da que a persoa beneficiaria deberá ser titular.

5. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

- As persoas solicitantes deberán empregar o **formulario en liña** no seguinte enlace https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/formularios/encuesta/cubrir_paso1/9754, **descargalo e presentalo na Sede Electrónica** da Universidade de Vigo (<https://sede.uvigo.gal>) a través da Instancia Xenérica (SXER) existente na sede, poñendo en **asunto** "Premios excelencia deportiva", achegando unicamente o formulario coa solicitude.



Para a presentación electrónica deste procedemento, a sede electrónica da Universidade de Vigo dispón de instrucións de axuda que os/as solicitantes deberán observar en todo momento. https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/contents/paragraph-file/2020-06/Guia_rexistro_instancia_xenerica_gl.docx.pdf. No caso de dúbida, dificultades técnicas ou necesidade de máis información durante o proceso de presentación dos formularios, poderán dirixirse ao enderezo electrónico sede@uvigo.gal.

O modelo específico de presentación de solicitudes é de uso obrigatorio para os interesados/as neste procedemento (artigo 66.6 da *Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*). Se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude presencialmente, solicitarase que a presente electronicamente. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela na que se realizou a emenda, de acordo co artigo 68.4 da *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*.

2. O prazo de presentación das solicitudes comezará o día seguinte ao da publicación desta convocatoria e rematará o **26 de outubro de 2022, ás 23:59 horas** (hora peninsular española).

3. Xunto coa solicitude deberán subir a seguinte documentación ó formulario en liña (non hai que subir a documentación á Sede Electrónica):

- En relación cos méritos deportivos: documentación acreditativa da participación nas competicións deportivas que desexen avaliar.
- En relación cos méritos académicos: deberase achegar a documentación acreditativa só no caso de alumnado que non cursara estudos na Universidade de Vigo.

Tamén se lles poderá requirir que acheguen outra documentación que resulte necesaria para a correcta avaliación de requisitos e méritos alegados.

6. SELECCIÓN E RESOLUCIÓN

A Sección de Axudas e Bolsas logo de rematar o prazo de presentación de solicitudes e unha vez examinadas estas e a documentación presentada, publicará a **listaxe provisoria de solicitudes admitidas e excluídas**, coa mención da causa de exclusión.

As persoas interesadas disporán dun prazo de **cinco días hábiles** contados desde o día seguinte á publicación para emendar os erros, a falta de documentación e as causas de exclusión. Para tal fin deberán empregar o **formulario de alegacións** existente na Secretaría Virtual. De non presentar emenda entenderase que desiste da súa solicitude previa resolución ditada conforme á Lei 39/2015 de 1 de outubro.

A selección será efectuada pola comisión de avaliación de acordo cos seguintes criterios:

- Nota media do expediente académico de grao ou nota de acceso para os demais estudos: 50% da puntuación.
- Traxectoria deportiva nos anos 2021 e 2022: 50% da puntuación, avaliando a participación nos campionatos interuniversitarios nacionais e internacionais e os deportes federados de alto nivel, ou outras actividades de natureza análoga que a comisión considere. As regras de valoración figuran no anexo II desta convocatoria.



No caso de que o número de persoas admitidas sexa inferior ao de premios ofertados aplicarase o procedemento abreviado establecido no artigo 22 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A comisión de avaliación está composta por:

Presidenta: Susana Reboreda Morillo, vicerreitora de Extensión Universitaria.
Secretario: Ricardo Corderí Salgado, xefe do Servizo de Extensión Universitaria.
Vogais: Elena Rivo López, vicerreitora do campus de Ourense
Eva María Lantarón Caeiro, vicerreitora do campus de Pontevedra.
Alexandre Sanjorge Sanjorge, Técnico Especialista de Actividades Deportivas da Area de benestar, Saúde e Deporte

Se, por calquera causa, no momento en que a comisión avaliadora teña que examinar as solicitudes, algún/ha dos/das compoñentes non pode asistir, substituirase pola persoa que para o efecto se nomee. Este nomeamento deberá recaer noutra persoa da mesma unidade, órgano, entidade ou colectivo.

Unha vez efectuada a selección pola comisión, a Sección de Axudas e Bolsas publicará a **listaxe provisoria de persoas con premio concedido, denegado** coa mención da causa de denegación e a **listaxe de agarda** para o caso de existir renuncias.

As persoas interesadas poderán presentar alegacións no prazo de **cinco días hábiles**, contados a partir do día seguinte ao de publicación. Para tal fin presentarán o formulario de alegacións na Secretaría Virtual.

Unha vez que a comisión revise as alegacións, enviaralle a proposta a vicerreitora de Extensión Universitaria quen adxudicará os premios mediante a correspondente resolución.

As persoas interesadas poderán entender desestimadas as solicitudes de non se ditar resolución expresa no prazo de 3 meses contados desde o día seguinte ao do remate do prazo de presentación de solicitudes.

A resolución conterá a listaxe definitiva de persoas con premio concedido e a súa contía, a listaxe de solicitudes denegadas e a causa de denegación, e a listaxe de agarda para o caso de existir renuncias.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na *Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa*.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*.

As listaxes ás que se refire este punto así como a Resolución de adxudicación publicaranse no taboleiro da sede electrónica sede.uvigo.gal/ e no [portal de bolsas](#) da web da universidade, producindo os efectos da notificación de conformidade co artigo 45 da *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*.



As comunicacións individuais necesarias realizaranse ao enderezo electrónico sinalado na solicitude, sen que estas se consideren como notificación.

7. RENUNCIA

A renuncia voluntaria deberá realizarse mediante o **formulario de renuncia** existente na secretaría virtual e presentado na sede electrónica da Universidade de Vigo <https://sede.uvigo.gal> dirixido á Sección de Axudas e Bolsas, xunto co xustificante de reintegro da contía correspondente no caso de terse efectuado o pagamento. As renuncias aceptadas darán lugar á concesión do premio á seguinte persoa da lista de agarda.

8. OBRIGAS

As persoas beneficiarias deben de cumprir as obrigas recollidas no artigo 14.1 da Lei 38/2013, de 17 de novembro, xeral de subvencións, que lle sexan de aplicación.

9. REINTEGRO DAS AXUDAS E PERDA DO DEREITO DE COBRO TOTAL OU PARCIAL

Son causas de reintegro dos premios:

- Non cumprir os requisitos e obrigas recollidas na convocatoria.
- Ocultar datos, alteralos ou manipular a información solicitada.

A persoa beneficiaria que incorra nalguna destas causas, está obrigada a reintegrar á Universidade a cantidade indebidamente percibida.

10. TRANSPARENCIA

1. De conformidade co artigo 17 da *Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno*, e co artigo 15 da *Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia*, a Universidade de Vigo publicará na súa páxina web oficial a relación das persoas beneficiarias e o importe das axudas concedidas, así como as sancións que puideren impoñerse, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e a referida publicidade.

2. En virtude do disposto no artigo 4 da *Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno*, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Universidade de Vigo, logo de requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada lei. Porén, non será necesaria a publicación cando o órgano concedente vulgue que se dan as previsións do artigo 15.2.d) da *Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia*.

11. PROTECCIÓN DE DATOS

Información sobre a política de protección de datos en: [https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/contents/paragraph-file/2019-11/Texto %20proteccion datos para CONVOCATORIAS bolsas.pdf](https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/contents/paragraph-file/2019-11/Texto_%20proteccion_datos_para_CONVOCATORIAS_bolsas.pdf)



ANEXO II
TÁBOA DE VALORACIÓN DE MÉRITOS DEPORTIVOS
(Categoría Absoluta)

A-DEPORTE UNIVERSITARIO (INDIVIDUAL OU EQUIPOS)

	OURO	PRATA	BRONCE	PARTICIPACIÓN
C. MUNDO UNIVERSITARIO	4	3	2	1
C. EUROPA UNIVERSITARIO	3,5	2,5	1,5	0,75
C. ESPAÑA UNIVERSITARIO	3	2	1	0,50
FASE INTERAUTONÓMICA				0,25
C. GALEGO UNVERSITARIO				0,15
XOGOS GALAICO DURIENSES				0,15

B-DEPORTE FEDERADO (INDIVIDUAL)

	OURO	PRATA	BRONCE	PARTICIPACIÓN
C. Mundo - Olimpíadas	6	5	4	3
C. Europa-Internacionais	5	4	3	2
C. España	3	2	1	0,5
C. Autonómicos	1	0,75	0,5	0,25

C-DEPORTE FEDERADO (EQUIPOS)

	1ª DIVISIÓN NAC.	2ª DIVISIÓN NAC.	2ª DIVISIÓN B NAC.	3ª DIVISIÓN-AUTONÓMICA	ÁMBITO MENOR -CATEGORÍAS PROVINCIAIS
EQUIPOS UVIGO PROPIOS OU CONVENIADOS	2,5	1,5	1	0,50	0,25
EQUIPOS EXTERNOS	2	1	0,75	0,50	0,25



NORMAS PARTICULARES

- 1-As categorías inferiores á absoluta (Sub 23, Sub 20, ...) verán reducida a súa puntuación ao 50%.
- 2-Se unha/un deportista disputa varias probas dun mesmo campionato (p.e. en atletismo os 100 e 200 ml) só se lle ten en conta o mellor resultado.
- 3-Nos campionatos galegos universitarios, pode darse o caso de que un/unha deportista participe en varias modalidades (p.e fútbol e fútbol sala) nunha mesma edición. Neste caso, só se valorará unha delas.
- 4-Nas modalidades individuais federadas como golf, atletismo, ... teranse en conta os campionatos por clubs ou por federacións territoriais. P.e campionato de Europa de clubs de atletismo.
- 5-A ABSD poderá acreditar méritos deportivos exclusivamente de participacións coa Uvigo en competicións universitarias, pero non de competicións federadas, polo que neste último caso será preciso a certificación da federación territorial ou estatal correspondente.

**CSV : GEN-fe04-7ba1-70db-93d7-88b3-555c-3afa-b4ca**DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portafirmas.redsara.es/pt/valida>

FIRMANTE(1) : SUSANA MARIA REBOREDA MORILLO | FECHA : 04/10/2022 10:12 | NOTAS : F